



Proxeccións de taxas de actividade 2023-2036

Resumo de resultados 26/05/2023

Índice

Introdución.....	1
Proxección das taxas de actividade	1
Proxección da poboación activa.....	5

Introdución

As implicacións macroeconómicas do envellecemento que se espera que experimente a poboación nas próximas décadas dependerán en boa medida dos recursos de forza de traballo dos que dispoña a economía no futuro. Así pois, os encargados e as encargadas de deseñar as políticas públicas teñen un interese cada vez maior por dispor dunha simulación estatística do comportamento futuro da poboación en relación co mercado laboral, xa que é determinante no crecemento potencial da economía, a sustentabilidade dos sistemas públicos, etc.

A taxa de actividade defínese como a porcentaxe de persoas activas respecto á poboación de 16 ou máis anos, sendo a poboación activa o conxunto de persoas de 16 ou máis anos que subministran man de obra para a produción de bens e servizos ou que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente un emprego. Así pois, a poboación activa representa os recursos de forza de traballo dos que dispón unha economía e a taxa de actividade mide a propensión das persoas en idade de traballar a participar no mercado laboral.

A partir das series históricas da [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#) e das [Proxeccións de poboación a curto prazo](#), o IGE proxecta as taxas de actividade xunto co volume e estrutura da poboación activa por sexo e idade para o período temporal 2023-2036.

Proxección das taxas de actividade

A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos pasa do 52,9% en 2022 ao 50,4% en 2036, o que supón unha caída de 2,5 puntos porcentuais. Agora ben, a redución que sufrirá a taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos entre 2022 e 2036 non terá a mesma intensidade nas mulleres que nos homes, dado

que nos homes pasa do 57,0% en 2022 ao 52,9% en 2036, mentres que nas mulleres pasa do 49,2% en 2022 ao 48,2% en 2036.

En canto á poboación entre os 16 e 64 anos, a taxa de actividade pasa do 73,8% en 2022 ao 74,1% en 2036, sendo diferente o comportamento para os homes e as mulleres: para os homes baixará 1,7 puntos porcentuais mentres que para as mulleres subirá 2,4 puntos porcentuais.

Taxas de actividade da poboación de 16 ou máis anos e entre os 16 e 64 anos por sexo. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)

16 ou máis anos

Sexo	2022	2036
Total	52,9	50,4
Homes	57,0	52,9
Mulleres	49,2	48,2

16 a 64 anos

Sexo	2022	2036
Total	73,8	74,1
Homes	76,4	74,7
Mulleres	71,2	73,6

Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)


A análise das curvas de actividade permite observar que a taxa de actividade aumentará para todos os grupos decenais de idade. O grupo decenal no que máis aumentará a taxa de actividade é o correspondente á poboación entre os 55 e 64 anos, onde pasa do 62,5% en 2022 ao 66,9% en 2036.

A pesar deste incremento que experimentará a taxa de actividade para todos os grupos decenais de idade, como xa se indicou, a taxa de actividade da poboación

de 16 ou máis anos descenderá 2,5 puntos porcentuais entre 2022 e 2036. Este incremento das taxas específicas de actividade e descenso da taxa global de actividade é resultado de que, a medida que envelleza a poboación, serán máis numerosos os colectivos de maiores, onde as taxas de actividade son máis baixas, o que terá un efecto redutor da taxa de actividade global.

Taxas de actividade por grupo decenal de idade. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)

Así mesmo, a comparación para 2022 e 2036 das taxas de actividade por sexo pon de manifesto que o proceso de converxencia das taxas de actividade femininas coas masculinas que está tendo lugar no mercado laboral, continuará nos próximos anos.


Taxas de actividade por sexo e grupo decenal de idade. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)

Ano 2022



Ano 2036



Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)

Proxección da poboación activa

En 2036 a poboación activa de 16 ou máis anos e entre os 16 e 64 anos será menor que en 2022, tanto para os homes como para as mulleres, sendo esta baixada moito máis acusada nos homes que nas mulleres. En concreto, a poboación activa de 16 ou máis anos diminuírá un 3,4% (6,2% para os homes e 0,4% para as mulleres) e a poboación activa entre os 16 e 64 anos diminuírá un 6,4% (9% para os homes e 3,6% para as mulleres).

Poboación activa de 16 ou máis anos e entre os 16 e 64 anos por sexo. Galicia

Unidade: miles de persoas

16 ou máis anos

Sexo	2022	2036
Total	1.240,4	1.198,6
Homes	638,9	599,4
Mulleres	601,5	599,1

16 a 64 anos

Sexo	2022	2036
Total	1.220,8	1.142,8
Homes	628,3	571,8
Mulleres	592,5	571,0

Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)

Ao comparar as pirámides de poboación activa de 2022 e 2036, destaca a caída de poboación activa entre os 35 e 54 anos, o aumento da poboación activa de 55 ou máis anos e a converxencia entre a poboación activa masculina e feminina en todos os grupos decenais de idade.


Poboación activa por sexo e grupo decenal de idade. Galicia

Unidade: miles de persoas

Ano 2022



Ano 2036



Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)



A partir das proxeccións de poboación activa pódese proxectar o comportamento futuro dunha serie de indicadores que permiten analizar o mercado laboral dende diferentes perspectivas (sustentabilidade, feminidade e xuventude):

- O **índice de sustentabilidade dos maiores** representa o número de potenciais traballadores e traballadoras por cada xubilado/a, entendendo o termo xubilado/a nun sentido amplo, como toda persoa inactiva de 65 ou máis anos. Agora ben, a poboación inactiva non só está formada polos xubilados e polas xubiladas, senón tamén polos nenos e as nenas, estudantes, incapacitados/as permanentes, etc., polo que, para avaliar a sustentabilidade global dos sistemas públicos, tamén resulta interesante o **índice de sustentabilidade global**, definido como o cociente entre a poboación activa e a poboación inactiva.
- O **índice de feminidade** sinala o número de mulleres activas por cada home activo; así pois, é unha medida da estrutura da poboación activa por sexo.
- O **índice de xuventude** resume a estrutura da poboación activa por idade, xa que representa o número de persoas activas entre os 16 e 39 anos por cada persoa activa entre os 40 e 64 anos.

Os índices de sustentabilidade amosan que en 2036 reducirase o número de potenciais traballadores e traballadoras por cada persoa inactiva respecto a 2022, sobre todo por cada inactivo/a maior. Así mesmo, segundo os índices de feminidade e xuventude, a poboación activa en 2036 será máis paritaria entre homes e mulleres e algo menos vella que en 2022.



Índices de sustentabilidade, feminidade e xuventude. Galicia

Unidade: tanto por un

Tempo	Índice de sustentabilidade dos maiores	Índice de sustentabilidade global	Índice de feminidade	Índice de xuventude
2022	1,855	0,869	0,941	0,504
2023	1,837	0,871	0,948	0,496
2024	1,819	0,872	0,958	0,491
2025	1,801	0,875	0,968	0,489
2026	1,780	0,873	0,973	0,489
2027	1,761	0,872	0,978	0,492
2028	1,742	0,870	0,983	0,496
2029	1,721	0,868	0,986	0,502
2030	1,699	0,866	0,989	0,509
2031	1,676	0,862	0,992	0,517
2032	1,650	0,858	0,994	0,526
2033	1,624	0,854	0,996	0,535
2034	1,596	0,848	0,998	0,545
2035	1,568	0,841	0,999	0,557
2036	1,538	0,834	0,999	0,570

Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos do ano 2022 proceden da Enquisa de poboación activa (EPA)

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_proxeccions_taxas_actividade_gl.pdf



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.eu>